



Tamara Andrés (Combarro, 1992) é graduada en Tradución e Interpretación, cun Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. Traballa como tradutora e revisora de textos literarios mentres desenvolve a tese de doutoramento *A tradución privada na poesía galega de autoría feminina a partir de 1980*.

Se en 2015 publica o relato curto *A mentalista* e gaña o Premio de Poesía O Facho con *Nenæspiraes*, no ano 2017 sae do prelo *Corpo de Antiochia*, autotraducido ao castelán e finalista do Premio Nacional de Poesía Joven Miguel Hernández 2018. Dous poemarios máis viron a luz no pasado ano: *Irmá paxaro* (texto finalista do I Premio María Victoria Moreno) e *Bosque vermello*. Ademais, textos seus foron premiados en diversos certames e publicados en obras colectivas, en revistas ou en antoloxías, caso de *No seu despregar* (2015) ou da grega *Anthology of Young Galician Poets* (2019).

É autora, xunto a Marcos Viso, do proxecto “Cartas ás 12”, que deu como froito o sobre viaxeiro *Bicos, laranxas e un feixe de pensamentos* (2019), así como do álbum ilustrado *Distancias* (2020). Desenvolve accións poéticas para distintos espazos, participa en proxectos escénicos e audiovisuais, imparte obradoiros de poesía e de animación lectora e coordina diversos eventos literarios (ciclos de recitais en librarías, de vermús literarios, e o festival poético “Fala o mar” en Combarro). Finalmente, Tamara Andrés codirixe a revista de poesía, xornalismo e ensaio *Ligeia*.

*Coa esponxa na man dereita
aseamos o corpo do amante
ferido. Nós nunca vivimos
en tempo de guerra, mais
combatemos.*

*A espuma, coma luz,
dálle orde ao cabelo.*

Mesmo así a carne recende.

*Así o noso xeito de limparnos
a maleza
da batalla.*

←
(TAMARA
ANDRÉS)

Luns 10 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰²⁰

Hugo Mújica



CORUÑA
PRÓXIMA



Nado en Bos Aires en 1942, o poeta, ensaísta e narrador arxentino **Hugo Mújica** estudou Belas Artes, Filosofía, Antropoloxía Filosófica e Teoloxía, e ten hoxe preto de trinta libros publicados.

Superada unha dura infancia na que tivo que compatibilizar uns arduos estudos co traballo para sacar adiante á familia, axiña se embarcou na perpetua viaxe e na incansable procura que o levou por distintos camiños do mundo e da espiritualidade.

Publicou catorce libros de ensaio en editoriais de Arxentina, México e España, os últimos dos cales son: *El saber del no saberse. Desierto, Cábala, el no-ser y la creación* (2014), *Dioniso. Eros creador y mística pagana* (2016) e *La carne y el mármol. Francis Bacon y el arte griego* (2018). Ademais, *Solemne y mesurado* (1990) e *Bajo toda la lluvia del mundo* (2008) son os seus dous libros de relatos. A editorial hispano-mexicana Vaso Roto publicou en 2014 *Del crear y lo creado*, tres volumes que abranguen a case totalidade da súa obra: ensaística, narrativa e poética.

Canto a este último xénero, os máis recentes títulos da ducia de poemarios que leva publicado son *Y siempre después el viento* (2011), *Cuando todo calla* (2013, XIII Premio Casa de América de Poesía Americana), *Barro desnudo* (2016) y *A las estrellas lo inmenso* (2019). Ten ademais numerosas antoloxías persoais editadas en máis de vinte países; tendo en conta que algúns dos seus libros viron a luz en máis de dez idiomas.

HACE APENAS DÍAS

*Hace apenas días murió mi padre,
hace apenas tanto.*

*Cayó sin peso,
como los párpados al llegar
la noche o una hoja
cuando el viento no arranca, acuna.*

*Hoy no es como otras lluvias
hoy llueve por vez primera
sobre el mármol de su tumba.*

*Bajo cada lluvia
podría ser yo quien yace, ahora lo sé,
ahora que he muerto en otro.*



(HUGO
MÚJICA)

Luns 10 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰²⁰

Tamara Andrés



CORUÑA
PRÓXIMA